Instrucións para cubrir o Documento de control e seguimento da recollida de varios residuos a un mesmo produtor (SXCR-3)

Observacións:

- Este documento utilizarase exclusivamente para o traslado de residuos perigosos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia cando un xestor-recolledor ou un transportista que non asume a súa titularidade recollen nun único traslado varios tipos de residuos a un mesmo produtor.
- En cada documento só se pode reflectir un máximo de 20 tipos de residuos diferentes recollidos ao mesmo produtor.
- Unha vez cuberto o documento, asinarán ao pe do mesmo:
  a) O produtor, o transportista e o xestor destinatario, cando no transporte non se asume a titularidade do residuo.
  b) O produtor e o xestor recolledor, cando o transporte se realice asumindo a titularidade do residuo.

Descrición dos campos:

- **Data da recollida**: data na que se realiza a entrega dos residuos por parte do produtor ao transportista ou xestor-recolledor.
- **Número de documento**: Código de identificación para control administrativo dos documentos, o cal lle será facilitado polo órgano competente en materia de calidade ambiental (teléfono 981.541.773).
- **Datos do transporte:** marcar cun X segundo sexa xestor recolledor (asume a titularidade do residuo) ou transportista (non asume a titularidade do residuo). Tanto o transportista como o vehículo deberán estar autorizados para o traslado de residuos perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Datos do produtor**: indicar os datos identificativos da empresa que fai entrega dos residuos (nome ou razón social, NIF/CIF, nº de autorización, etc.)
- **Datos do xestor destinatario:** cubrir só no caso de que o traslado o faga un transportista que non asume a titularidade do residuo.
- **Datos dos residuos:**
  - Nome do residuo: é a descrición común do residuo (Aceite mineral usado, baterías, etc.)
  - LER: Lista Europea de Residuos, segundo Anexo 2 da Orden MAM/304/2002 (seis díxitos).
  - Código RD 952/7: Corresponde ao código do residuo segundo as táboas de Anexo 1 do R.D. 952/97 de 20 de xuño que modifica o R.D. 833/1988 do 20 de xuño.
  - Cantidade (en quilos)